



**Concurso A1-
2012 A 01**

O pasado martes, día 24 de xullo, quedou xa constituida a Comisión de Valoración do concurso do Corpo Superior de Inspectores de Facenda do Estado (BOE 18/06/2012). Seguindo as bases do concurso, fíxase a data do luns 30 de xullo, ás 24:00 horas, como o prazo máximo para a presentación de renuncias, sexan totais ou parciais, que tamén se poden facer de xeito telemático.

Segundo os datos que nos facilitou a AEAT, presentáronse 226 solicitudes para as 46 prazas convocadas no Anexo I e 8 do Anexo II (resultas), das que se adxudican, de momento, 48.

Apróbanse, de xeito unilateral pola AEAT, os criterios kilométricos e demais bases para a puntuación do Plan Concilia. Qué casualidade que sexa no concurso dos Inspectores cando a AEAT introduce a novidade da puntuación do concilia por kilometraxe. Desde a CIG pedimos que haxa unha negociación real e seria destes criterios, tomando datos obxetivos previamente consensuados coa parte social. Denunciamos tamén as présas por convocar e resolver este concurso cando hai outros compañeiros que levan anos esperando para poder moverse de localidade (Auxiliares, Administrativos, persoal de Informática...); parécenos vergonzosa a pouca consideración da Administración co seu persoal.

No día de hoxe xa están disponibles na nosa Intranet os listaxes así como na do Ministerio de Facenda.

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22